

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 13 de setembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Iolanda Veloso Ríos
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e un minutos do día trece de setembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.488).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

2(1.489).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REESTRUTURACIÓN DO EDIFICIO PARA CENTRO CÍVICO NA BAIXADA A RIOS Nº 86 EN TEIS” NO MARCO DO PROGRAMA “REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 6548/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 25.08.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, PD o concelleiro de Distritos, e co informe da técnico de Fiscalización e Control do 6.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a tramitación urxente e procedemento aberto da contratación das obras tendo en conta a necesidade inaplazabel de rematar as obras nos prazos establecidos no proxecto ES0037 “Rexeneración urbana do barrio de Teis”.

2º.- Aprobar o gasto de 418.527,84 euros para a contratación das obras de “Reestruturación de edificio para Centro Cívico na Baixada a Rios nº 86 en Teis.” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis” que se imputará á partida 1550.632.0009 do presuposto do ano 2010.

3º.- Aprobar o expediente de contratación para a contratación das obras de “Reestruturación de edificio para Centro Cívico na Baixada a Rios nº 86 en Teis” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto e trámite de urxencia de data 17 de agosto de 2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista para a execución do contrato.

3(1.490).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO DOS NÚCLEOS DE TOURAL E RIOS” NO MARCO DO PROGRAMA “REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 6636/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 24.08.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, PD o concelleiro de Distritos, e co informe da técnico de Fiscalización e Control do 2.09.2010 co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a tramitación por procedemento urxente da contratación das obras tendo en conta a necesidade inaplazabel de rematar as obras nos prazos establecidos no proxecto ES0037 “Rexeneración urbana do barrio de Teis”.

2º.- Aprobar o gasto de 812.343,53 euros para a contratación das obras de “Restauración e acondicionamento dos núcleos de Toural e Rios” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis” que se imputarán á partida 1550.6190049 e 1550.6110049.2009 do presuposto do ano 2010.

3º.- Aprobar o expediente de contratación para a contratación das obras de “Restauración e acondicionamento dos núcleos de Toural e Rios” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto e trámite de urxencia de data 17 de agosto de 2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista para a execución do contrato.”

4(1.491).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DA PONTE SOBRE AP-9 E FFCC NA RÚA COUTADAS” NO MARCO DO PROGRAMA “REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 7010/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 25.08.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, PD o concelleiro de Distritos, e co informe da técnico de Fiscalización e Control do 2.09.2010 co conforme do nnterventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a tramitación por procedemento urxente da contratación das obras tendo en conta a necesidade inaplazabel de rematar as obras nos prazos establecidos no proxecto ES0037 “Rexeneración urbana do barrio de Teis”.

2º.- Aprobar o gasto de 67.942,15 euros para a contratación das obras de “Acondicionamento da ponte sobre AP-9 e FFCC na rúa Coutadas” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis” que se imputarán á partida 1550.611.0009.2009 do presuposto do ano 2010.

3º.- Aprobar o expediente de contratación para a contratación das obras de “Acondicionamento da ponte sobre AP-9 e FFCC na rúa Coutadas” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto e trámite de urxencia de data 18 de agosto de 2010.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista para a execución do contrato.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e tres minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs

.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.